

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 385/2016

Á vista da resolución do 25 de xaneiro de 2016 pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local, en data 29.02.16 acordou a aprobación do proxecto da obra "*Mellora na capa de rodadura do camiño de acceso á CMVMC de Chaín e Barbudo*" por un importe de 49.351,65 €, máis un IVE de 10.363,85 €, total: 59.715,50 €.

Consta proxecto de 19.05.16 coa modificación do orzamento, Acta de replanteo previa de maio de 2016, Informe da arquitecta municipal de 23.05.16 conforme non procede a realización do trámite de informe de supervisión de proxectos, Informe da arquitecta municipal de 23.05.16 de que as obras cumpren a lexislación vixente e co planeamento en vigor e que o seu obxecto é independente e determinado e non supón un fraccionamento.

A Xunta de Goberno Local, en data 23.05.16 acordou a aprobación do proxecto da obra "*Mellora na capa de rodadura do camiño de acceso á CMVMC de Chaín e Barbudo*" por un importe de 49.346,06 €, máis un IVE de 10.362,67 €, total: 59.708,73 €.

Consta acta de non inicio das obras de 31.05.16.

Vista a Resolución do director xeral de Agader de 06.06.16, con rexistro de entrada no concello o 14.06.16, nº RE-2753, de concesión dunha subvención para obra civil de 49.346,06 € e de control de calidade das obras de 5,94 €.

Por Resolución de Alcaldía nº 329/2016 de 07.07.16 iniciouse expediente de contratación da obra "*Mellora na capa de rodadura do camiño de acceso á CMVMC de Chaín e Barbudo*" mediante contrato menor.

Por Resolución de Alcaldía nº 338/2016 de 11.07.16 resolveuse levar a cabo o contrato de obras de "*Mellora na capa de rodadura do camiño de acceso á CMVMC de Chaín e Barbudo*" mediante o procedemento do contrato menor, coa empresa Construcciones Caldevergazo, SL, CIF B36133916, por un importe de 49.000 €, máis un IVE de 10.290,00 €, total: 59.290,00 €, de acordo coas condicións establecidas na *Resolución do 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020*, aprobar o gasto correspondente á contrato de obras de "*Mellora na capa de rodadura do camiño de acceso á CMVMC de Chaín e Barbudo*" por un importe de 59.290,00 € para o ano 2016 con cargo á partida 1532/619.01 do vixente orzamento para o 2016 e nomear como directora da obra á Arquitecta Municipal, D<sup>a</sup> Andrea Estévez Fernández.

Por Resolución de Alcaldía nº 352/2016 de 21.07.16 noméase a D. Ángel M. Roncero Díez para a coordinación de seguridade e saúde da obra.

Á vista da subvención concedida por Resolución de 13.07.16 pola Deputación de Pontevedra da cantidade de 10.357,08 € (expte.: 2016025331), que lle foi notificada en data 26.07.16.

Por Resolución de Alcaldía nº 385/2016 de 28.07.16 acordouse realizar un contrato para o control de calidade da obra "*Mellora na capa de rodadura do camiño de acceso á CMVMC de Chaín e Barbudo*" mediante contrato menor, por importe de 2.331,00 € máis un IVE de 489,51 €, total 2.820,51 € (IVE incluído).

Visto que con data 28.07.16, foi emitido informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado na partida 151/227.06 do vixente orzamento para o 2016, para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato.

Visto o informe de Secretaría de 02.08.16.

Á vista dos orzamentos presentados polas seguintes empresas:

- Enmacosa Consultoría Técnica, SA: 2.660,00 €, máis un IVE de 558,60 €, total: 3.218,60 €.
- 3C Calidad y Control S. Coop. Galega: 3.180,00 €, máis un IVE de 667,80 €, total: 3847,80 €.
- EPTISA Servicios de Ingeniería SL: 2.331,00 €, máis un IVE de 489,51 €, total: 2.820,51 €.

Á vista do exposto, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e que no artigo 14 na Lei 30/92 establece "*Avogación. 1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación ós seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente*" e á vista do exposto e das competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

**PRIMERO.** Avogar puntualmente a competencia delegada por Resolución de Alcaldía nº 228/2015 na Xunta de Goberno Local en data 15.06.15.

**SEGUNDO.** Levar a cabo o contrato de servizos de control de calidade das obras de "*Mellora na capa de rodadura do camiño de acceso á CMVMC de Chaín e Barbudo*" mediante o procedemento do contrato menor, coa empresa EPTISA Servicios de Ingeniería SL, por un importe de 2.331,00 €, máis un IVE de 489,51 €, total: 2.820,51 €, de acordo coas condicións establecidas na *Resolución do 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo*

*Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.*

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente ó contrato de servizos de control de calidade das obras de *"Mellora na capa de rodadura do camiño de acceso á CMVMC de Chaín e Barbudo"* por un importe de 2.331,00 €, máis un IVE de 489,51 €, total: 2.820,51 € para o ano 2016 con cargo á partida 151/227.06 do vixente orzamento para o 2016.

**CUARTO.** Unha vez realizado o servizo, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

**QUINTO.** Notificar a resolución ós licitadores no prazo de dez días a partir da data da resolución.

En Ponte Caldelas, a 5 de agosto de 2016

O alcalde,

Asdo.: Andrés Díaz Sobral



